

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 2 de maio de 2008 pola que se dá publicidade ás subvencións concedidas a entidades locais, para a realización de actividades relacionadas coas oficinas municipais de información aos consumidores, no marco da resolución do Instituto Galego de Consumo do 21 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 5, do 8 de xaneiro), pola que se convoca e regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas municipais de información aos consumidores para o ano 2008.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 20 das bases da citada convocatoria.

RESOLVO:

Facer públicas as subvencións concedidas para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC) aos beneficiarios que se relacionan no anexo desta resolución e nas contías que se sinalan.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2008.

Emilio Nogueira Moure
Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Beneficiarios das subvencións para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC)

Concellos beneficiarios	Total
A Laracha	2.993,43 €
A Pobra do Caramiñal	2.993,43 €
As Pontes de García Rodríguez	3.991,24 €
Abegondo	2.993,43 €
Ames	4.989,05 €
Ares	3.991,24 €
Arteixo	4.989,05 €
Arzúa	3.991,24 €
Betanzos	2.993,43 €
Boiro	4.490,15 €
Camariñas	2.993,43 €
Cambre	4.989,05 €
Carnota	3.991,24 €
Cee	2.993,43 €
Cerceda	4.989,05 €
Malpica de Bergantiños	4.989,05 €
Melide	2.000,00 €
Muros	2.993,43 €
Neda	4.989,05 €
Noia	3.991,24 €
Ortigueira	2.993,43 €
Padrón	4.989,05 €
Ribeira	4.989,05 €
Roís	3.000,00 €
Sada	4.989,05 €
Vedra	2.993,43 €

Concellos beneficiarios	Total
Vimianzo	3.991,24 €
Zas	4.989,05 €
Burela	3.991,24 €
Chantada	3.991,24 €
Cospeito	4.989,05 €
Foz	3.991,24 €
Guitiriz	2.993,43 €
Monforte de Lemos	4.490,15 €
Ribadeo	2.993,43 €
Sarria	2.993,43 €
Vilalba	4.989,05 €
Viveiro	4.490,15 €
O Barco de Valdeorras	3.991,24 €
O Carballiño	3.991,24 €
Ribadavia	3.991,24 €
Verín	2.993,43 €
Xinzo de Limia	3.991,24 €
A Cañiza	3.991,24 €
A Estrada	4.989,05 €
Baiona	2.993,43 €
Cambados	2.993,43 €
Cangas	4.989,05 €
Lalín	4.490,15 €
Mos	2.993,43 €
Nigrán	1.508,00 €
Ponteareas	4.490,15 €
O Porriño	4.490,15 €
Redondela	3.991,24 €
Salceda de Caselas	3.991,24 €
Sanxenxo	4.490,15 €
Silleda	2.993,43 €
Tui	3.492,34 €
Valga	4.989,05 €
Vilagarcía de Arousa	3.991,24 €
Vilanova de Arousa	2.993,43 €

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 14 de maio de 2008 pola que se aproban e se publican as bases reguladoras das axudas deste instituto destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2008.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 29 de febreiro de 2008, acordou, por unanimidade dos membros asistentes, facultar o director xeral do Igape para a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e

Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras.

As ditas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar e publicar as bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras, as cales se anexan a esta resolución.

Segundo.-Aprobar a convocatoria para o ano 2008 en réxime de concorrencia competitiva do programa de axudas indicado no parágrafo anterior.

Terceiro.-Os créditos dispoñibles para concesións ascenden a 2.100.000 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 02.01.E5/10/01.651700 e coa seguinte distribución plurianual: 600.000 euros para o ano 2009, 600.000 euros para o ano 2010, 450.000 euros para o ano 2011, e 450.000 euros para o ano 2012.

Cuarto.-Á vista das solicitudes presentadas, os ditos créditos poderán ser modificados e/ou ampliados polo Igape, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-Os requisitos das letras c), e), f), g), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases reguladoras anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras

Como resultado dun conxunto de factores de natureza estrutural e conxuntural, determinados sectores gandeiros galegos soportaron durante 2007 incrementos nos custos de produción que afectan a rendibilidade das súas explotacións.

Durante o ano 2007, particularmente a partir do segundo semestre, produciuse un excepcional incre-

mento nas cotizacións dos cereais, debido á conxuntura internacional por que atravesaba este mercado, provocando un encarecemento dos pensos, e afectando algúns sectores gandeiros.

Por estes motivos, que afectan o conxunto do Estado español, para que determinados gandeiros poidan facer fronte a este incremento de custos e permitir a viabilidade e normal funcionamento das súas explotacións, o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, a través da Orde APA/165/2008, do 31 de xaneiro (BOE nº 29, do 2 de febreiro), estableceu as bases e a convocatoria de axudas aos titulares de explotacións gandeiras para sufragar o custo da comisión de xestión e estudo dos avais concedidos pola Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria para a obtención de préstamos. A devandita orde, na súa disposición adicional única, establece que o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño tamén financiará parcialmente a bonificación dos xuros dos préstamos regulados nesa orde ministerial ata un máximo equivalente a dous puntos de xuro incluíndo, se é o caso, na dita contía o custo da comisión de xestión do aval da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA).

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), coa colaboración da Consellería do Medio Rural, semella ser un instrumento axeitado para facilitar o financiamento destas explotacións, mediante a posta en funcionamento dunha liña de financiamento instrumentada mediante un convenio coas entidades financeiras, e ao abeiro da dita Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

Artigo 1º.-*Obxectivo*.

Estas bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas *de minimis* destinadas a bonificar xuros dos préstamos que subscriban durante o ano 2008 os titulares de explotacións gandeiras de Galicia, para paliar o encarecemento dos custos de produción, fundamentalmente das materias primas destinadas á alimentación, e a imposibilidade de repercutir o incremento destes custos no valor de venda dos produtos finais obtidos.

Artigo 2º.-*Beneficiarios*.

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas nestas bases os titulares de explotacións gandeiras situadas en Galicia dedicadas á produción de porcino, cunícola, bovino de carne, ovino e caprino, que cumpran as tres seguintes condicións:

a) Que contén cun censo mínimo equivalente a 10 unidades de gando maior (UGM). O cálculo da UGM de cada explotación realizarase para as explotacións porcinas, cunícolas e para os cebadoiros de ovino/cabrún a partir dos datos presentados na declaración censual anual referidos a decembro de 2007, e para as demais explotacións a partir dos censos que

figuren na base de datos oficial da Consellería do Medio Rural na data do 31 de decembro de 2007.

b) Que obteñan o documento de recoñecemento de cumprimento de condicións para a solicitude de préstamo bonificado, emitido pola Consellería do Medio Rural, a que se fai referencia nos artigos 3º.1 e 4º.

c) Que formalicen o devandito préstamo con algunha das entidades financeiras colaboradoras antes do 30 de xuño de 2008, agás modificación ou prórroga do prazo establecido na Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño que, se é o caso, sería publicada no *Boletín Oficial del Estado*.

Cando unha explotación gandeira das previstas no punto anterior pertenza a varias persoas integradas nunha comunidade de bens ou sociedade civil poderá resultar esta beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra os requisitos exixidos para iso, así como as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo III a estas bases, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación e non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos e obrigas establecidos nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Características dos préstamos subvencionados.

1. O importe máximo do préstamo será determinado pola Consellería do Medio Rural, e figurará no documento de recoñecemento de cumprimento de condicións para a solicitude de préstamo bonificado que enviará de oficio a todos os posibles beneficiarios. Este importe máximo será calculado pola Consellería do Medio Rural multiplicando por 300 € cada unidade de ganado maior (UGM) equivalente da explotación, empregando os datos que constan nos seus rexistros conforme o sinalado na letra a) do artigo 2º anterior.

Establécense os límites mínimo de 3.000 € e máximo de 60.000 € para o importe do préstamo. Para estes efectos consideraranse as seguintes equivalencias de unidade de gando maior:

-Gando vacún:

Animais menores de 6 meses: 0,20 UGM.

De entre 6 e 24 meses: 0,60 UGM.

De máis de 24 meses: 1,00 UGM.

-Porcino:

Leitóns: 0,02 UGM.

Animais de ceba: 0,12 UGM.

Recría e transición: 0,14 UGM.

Reposición: 0,14 UGM.

Porcas reprodutoras: 0,50 UGM.

Verróns ou castizos: 0,30 UGM.

-Coellos:

Femias e machos reprodutores: 0,04 UGM.

Reposición e ceba: 0,02 UGM.

-Ovino/cabrún:

Machos e femias reprodutoras: 0,17 UGM.

Cebas e recría: 0,05 UGM.

2. Os préstamos poderán formalizarse desde a data de recepción do documento de recoñecemento de cumprimento de condicións para a solicitude de préstamo bonificado, emitido de oficio pola Consellería do Medio Rural a todos os posibles beneficiarios.

3. O prazo para formalizar os préstamos subvencionados será o indicado na letra c) do artigo 2º destas bases.

4. As condicións dos préstamos para as entidades financeiras serán as seguintes:

a) Prazo: 5 anos, sendo o primeiro deles de carencia na amortización do principal.

b) Tipo de xuro: será fixo do 5,30%.

c) Comisións das entidades financeiras: as entidades financeiras poderán repercutir unha comisión única por todos os conceptos como máximo do 0,5% do importe formalizado. Para estes efectos, non se considerará comisión o cobramento da tarifa autorizada polo Banco de España de reclamación de posicións debedoras.

d) Periodicidade da amortización: a liquidación de xuros e amortización do principal será con periodicidade anual, a ano vencido.

5. O tipo de xuro neto para o beneficiario, unha vez cumpridas as condicións establecidas nestas bases, e os termos establecidos na Orde APA/165/2008, do 31 de xaneiro, en canto á subsidiación estatal dos xuros dos préstamos, unha vez que se faga efectivo o disposto na disposición adicional única daquela orde, será como mínimo do 1,30%.

6. As operacións formalizadas ao abeiro destas bases poderán contar con aval da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), para o que deberán tramitar as solicitudes nas entidades finan-

ceiras, presentando os formularios cubertos e a documentación publicada na páxina web www.sae-ca.es, na sección «Líneas especiais», «Avales para ganadería 2008».

O dito aval xerará a favor de SAECA unha comisión de xestión anual do 1% sobre o saldo vivo, e unha comisión de estudo do 0,5%. Ambas as comisións serán subvencionadas integramente polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para os primeiros 40.000 € do préstamo, nos termos establecidos na Orde APA/165/2008.

Artigo 4º.-*Tipo de axuda.*

1. As axudas establecidas nestas bases consistirán na bonificación de xuros dos préstamos preferentes que o beneficiario subscriba coas entidades financeiras colaboradoras, co previo recoñecemento de cumprimento de condicións pola Consellería do Medio Rural.

2. Estas axudas outorgaranse ao amparo do disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción dos produtos agrícolas, quedando condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

Artigo 5º.-*Contía da axuda.*

1. Axuda do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

Para os primeiros 40.000 euros de préstamo, o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño financiará, se é o caso, o custo da comisión de estudo e da xestión do aval de SAECA, tal e como establece a Orde APA/165/2008, do 31 de xaneiro, ademais dos xuros do préstamo, cun límite máximo do 2% do saldo debedor anual do préstamo.

2. Axuda do Igape.

O Igape poderá conceder, con cargo aos seus orzamentos, como máximo, unha subvención ao tipo de xuro dos préstamos regulados nestas bases, do 2% do saldo debedor anual do préstamo.

A contía máxima conxunta das axudas por beneficiario, con cargo a estes préstamos, será de 7.500 € durante un período de 3 anos, incluíndo tanto a bonificación dos xuros determinados nos artigos 5º.1 e 5º.2 como a subvención obtida para a comisión de xestión e a comisión de estudos dos avais de SAECA, fixada na Orde APA/165/2008, do 31 de xaneiro, así como o total de axudas *de minimis* percibidas polo beneficiario no período.

No suposto de que as solicitudes presentadas superen as disponibilidades orzamentarias, procederá ao rateo entre os beneficiarios do importe global máximo establecido na correspondente convocatoria.

Artigo 6º.-*Compatibilidade e límite de axuda.*

A concesión das axudas destas bases queda supeitada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea.

A axuda establecida nestas bases terá a consideración de axuda *de minimis* e cumprirá co establecido no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción agrícola, quedando, polo tanto, condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

Artigo 7º.-*Procedemento de concesión da axuda.*

1. O procedemento de concesión destas subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, logo de convocatoria a través da correspondente resolución.

2. Tendo en conta a natureza e fins das axudas reguladas nestas bases, resulta necesario que todos os solicitantes que cumpran os requisitos exixidos resulten beneficiarios destas axudas. Así, no caso de que as solicitudes presentadas superen as disponibilidades orzamentarias, procederá ao rateo entre os beneficiarios da subvención do importe global máximo establecido na correspondente convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 19.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Tramitación.*

1. Presentación da solicitude.

Os interesados, unha vez formalizada a operación de préstamo nunha entidade colaboradora por un importe igual ou inferior ao que figure no documento de recoñecemento de cumprimento de condicións para a solicitude emitido pola Consellería do Medio Rural, nas condicións recollidas no artigo 3º destas bases, dirixiránse á entidade de crédito na cal formalizaron a dita operación e cubrirán a solicitude de axuda a través da instancia normalizada que se xunta a esta bases como anexo I. O prazo para presentar as solicitudes rematará o 31 de xullo de 2008.

As entidades de crédito centralizarán as solicitudes de axuda recibidas nas distintas sucursais e solicitarán en nome do interesado a axuda financeira nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo máximo de 3 meses contados desde a data de finalización do prazo para formalizar o préstamo sinalado na letra c) do artigo 2º destas bases.

As solicitudes da entidade de crédito ao Igape que se presenten fóra deste prazo serán obxecto de resolución de arquivo, asumindo a entidade de crédito toda a responsabilidade polos prexuízos que isto poida supor para a empresa solicitante, salvo que a

presentación extemporánea sexa por motivos imputables ao solicitante.

2. A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

a) Copia do documento de recoñecemento de cumprimento de condicións para a solicitude de préstamo bonificado, emitido pola Consellería do Medio Rural.

b) Copia da correspondente póliza de préstamo formalizada.

c) Declaración de cumprimento de requisitos para obter a condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións, de Galicia, e declaración do conxunto de todas as axudas *de minimis* por calquera concepto concedidas ao solicitante polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos 3 anos anteriores á data de presentación desta solicitude, segundo o modelo que figura no anexo II.

d) No caso de comunidades de bens e sociedades civís, declaración de porcentaxe de execución de compromisos e de subvención, segundo o modelo que figura no anexo III.

3. A presentación da solicitude de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puider ser obtidos polo órgano xestor, poderanlles ser requiridos ao interesado.

Artigo 9º.-Resolución.

Unha vez comprobados os requisitos do solicitante polos servizos técnicos do Igape, a Dirección da Área de Financiamento elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

Na resolución de concesión de axuda farase constar a contía da subvención concedida e o prazo para presentar a solicitude de cobramento.

Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

En virtude do establecido no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as resolucións dos procedementos serán obxecto de publicación na páxina web do Igape <http://www.igape.es>, enderezo electrónico que será igualmente válido para comunicar calquera incidencia posterior na tramitación do procedemento.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se encontre en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique o procedemento administrativo para que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación, ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Artigo 10º.-Notificación, silencio administrativo e recursos.

O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de tres meses a partir da data de presentación da solicitude de axuda no Igape. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o tal prazo sen que se notificase resolución expresa, poderase entender desestimada. Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral do Igape no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-Publicación.

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

2. De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación

dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 12º.-Xustificación e liquidación da subvención.

1. Os beneficiarios deberán presentar na entidade financeira colaboradora a solicitude de cobramento, no prazo que se indique na resolución de concesión e de acordo co anexo IV. As entidades financeiras remitirán ao Igape os orixinais deste documento.

2. O pagamento aos beneficiarios da subvención do Igape e do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño realizarase a través das entidades financeiras colaboradoras, conforme o seguinte procedemento:

a) Anualmente, antes do 30 de xuño, as entidades financeiras remitirán ao Igape unha liquidación da subvención a percibir por cada titular nese ano, na cal figuren o saldo vivo do préstamo e os xuros producidos, conforme o modelo do anexo V.

b) O Igape verificará as liquidacións e aboará a anualidade das subvencións concedidas con cargo ao seu orzamento nun prazo de 30 días desde a recepción da liquidación, e transferirá aos beneficiarios as subvencións estatais do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño unha vez recibidas.

3. Non será necesario acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, de conformidade co disposto no artigo 45.1 h) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Artigo 13º.-Modificacións.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou a súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

2. O beneficiario queda obrigado a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para que foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas *de minimis* no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

3. En caso de modificación da operación aprobada, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución.

4. O director xeral do Igape poderá acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases.

b) Que a modificación non cause prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

5. O acto por que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

6. A resolución de modificación establecerá as novas condicións da concesión e, se é o caso, decretará o reintegro do indebidamente percibido. En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar o importe da subvención inicialmente aprobada.

7. O cambio de beneficiario da axuda poderá ser autorizado polo director do Igape sempre que se acredite documentalmente a subrogación na totalidade dos dereitos e obrigas derivados da actividade subvencionada e especificamente da operación subsidiada, así como o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13º.4 anterior. Presentarase a solicitude asinada polo novo titular, acompañando a documentación acreditativa da subrogación, constando o consentimento do anterior beneficiario.

Artigo 14º.-Perda da subvención.

1. Procederá o reintegro total ou parcial por parte do beneficiario das cantidades percibidas do Igape, xunto cos xuros de demora producidos desde o pagamento, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nestas bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedirían.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por este asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou por calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

f) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

g) Nos demais casos previstos na normativa reguladora da subvención.

h) A nulidade da resolución de concesión polas causas establecidas no artigo 32 ou ter incorrido nalguna das causas de reintegro do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas ou privadas, supere o custo do proxecto ou o límite de intensidade de axuda establecido pola normativa comunitaria.

3. O alcance do incumprimento determinarase en función do grao e entidade da condición incumprida. A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á súa apreciación conxunta.

4. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a resolución caberá recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses

seguintes á súa notificación e, potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

5. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-*Control.*

Os beneficiarios da axuda quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe o Igape ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases.

Artigo 16º.-*Adhesión mediante convenio de entidades financeiras colaboradoras.*

1. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración en que se regulen os compromisos das partes a todas aquelas entidades financeiras que, tendo acreditada unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia técnica e financeira, colaborasen co instituto nos seus programas de subsidiación ao tipo de xuro de préstamos, créditos ou operacións de arrendamento financeiro. Así mesmo, poderán instar a súa adhesión ao convenio todas aquelas entidades financeiras acreditadas polo Banco de España que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurar a correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido no convenio, nestas bases e nos seus anexos e presenten debidamente cuberto o documento de adhesión que se xunta como anexo VI a estas bases.

As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Formalización da adhesión ao convenio de entidades financeiras.

A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, do convenio ou, se é o caso, do documento de adhesión. O Igape dará conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio e publicarao no *Diario Oficial de Galicia*.

4. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo VII a estas bases.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

ANEXO I



PROCEDIMIENTO AXUDAS Á BONIFICACIÓN DE XUROS DE PRÉSTAMOS FORMALIZADOS POR TITULARES DE EXPLOTACIÓN GANDEIRAS GALEGAS AO ABEIRO DA ORDE APA/165/2008 DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL E MARIÑO, INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO COAS ENTIDADES FINANCEIRAS	CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO EC529A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

I. DATOS DO/DA SOLICITANTE

EMPRESA		NIF/CIF	
ENDEREZO POSTAL DA EMPRESA		CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	PROVINCIA		
ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX	
REPRESENTANTE	DNI		

II. FINANCIAMENTO

FECHA DE FORMALIZACIÓN	IMPORTE	AVAL SAECA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
NÚMERO DE PÓLIZA		

III. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (en orixinal ou copia cotexada)

- COPIA DO DOCUMENTO DE RECOÑECEMENTO DE CUMPRIMENTO DE CONDICIÓNS PARA A SOLICITUDE DE PRÉSTAMO BONIFICADO, EMITIDO POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.
- COPIA DA CORRESPONDENTE PÓLIZA DE PRÉSTAMO FORMALIZADA.
- DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO E DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS DE MÍNIMIS POR CALQUERA CONCEPTO CONCEDIDAS AO SOLICITANTE POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES, DURANTE O PERÍODO DOS 3 ANOS ANTERIORES Á DATA DE PRESENTACIÓN DESTA SOLICITUDE SEGUNDO O MODELO QUE FIGURA NO ANEXO II.
- NO CASO DE COMUNIDADES DE BENS OU SOCIEDADES CIVÍS, COMPROMISOS DE EXECUCIÓN ASUMIDOS POR CADA MEMBRO DA AGRUPACIÓN E IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE LLE VAI APLICAR A CADA UN DELES, SEGUNDO O MODELO QUE FIGURA NO ANEXO III.

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas financeiras reguladas nas bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que todos os datos que figuran nesta solicitude son certos, e acepta que son necesarios para a tramitación do expediente de referencia, e que a consecuencia da falsidade dalgun dos datos dará lugar ás responsabilidades exixibles legalmente. Igualmente o solicitante DECLARA formalmente non estar suxeito a ningunha sanción que o inhabilite para a obtención de axudas públicas.

Así mesmo, AUTORIZA o Igape para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

O solicitante AUTORIZA o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas webs oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

O abaixo asinante ACEPTA que os datos que facilite serán empregados exclusivamente polo Igape e cedidos ás entidades colaboradoras que se detallan no anexo a estas bases, para a xestión e tramitación do seu expediente, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante.

Do mesmo xeito coñece e ACEPTA que estes datos sexan incorporados a un ficheiro automatizado debidamente inscrito na Axencia Estatal de Protección de Datos. Poderanse exercer os dereitos de acceso, cancelación ou rectificación e oposición, poñéndose en contacto mediante carta dirixida á sede central deste Instituto en Santiago de Compostela, Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, CP 15703 A Coruña.

A empresa solicitante apodera a entidade financeira para a presentación e tramitación ante o Igape desta solicitude, conforme o sinalado nas bases reguladoras da axuda.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 14 de maio de 2008 pola que se aproban e se publican as bases reguladoras das axudas deste instituto destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2008.

O/A SOLICITANTE E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA ANTE A QUE PRESENTA A SOLICITUDE

Lugar e data

, de de 20



ANEXO II

DECLARACIÓN

Don/Dona con DNI nº , en nome e en representación da entidade con NIF/CIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas *de minimis* que se relacionan a seguir:

	ORGANISMO E ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas <i>de minimis</i> dos 3 exercicios anteriores	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Para os efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o solicitante declara que:

- NON FOI CONDENADO POR SENTENZA FIRME Á PENA DE PERDA DE POSIBILIDADE DE OBTENIR SUBVENCIÓNS OU AXUDAS PÚBLICAS.
- NON SOLICITOU A DECLARACIÓN DE CONCURSO, NON FOI DECLARADO INSOLVENTE OU EN CONCURSO NIN ESTÁ SUXEITO A INTERVENCIÓN XUDICIAL NIN INHABILITADO CONFORME A LEI CONCURSAL.
- NON DEU LUGAR, POR CAUSA DE QUE O TIVISEN DECLARADO CULPABLE, Á RESOLUCIÓN FIRME DE CALQUERA CONTRATO CELEBRADO COA ADMINISTRACIÓN.
- A PERSOA FÍSICA, OS ADMINISTRADORES OU O REPRESENTANTE LEGAL, SEGUNDO O CASO, DO SOLICITANTE, NON ESTÁN INCURSOS EN NINGUNHA DAS CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE ESTABLECIDAS NA NORMATIVA VIXENTE.
- ENCÓNTRASE AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS FISCAIS, NO PAGAMENTO DE COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL E NON TEN CONTRAÍDA DÉBEDA NINGUNHA COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA
- NON TEN RESIDENCIA FISCAL NUN PAÍS OU TERRITORIO CUALIFICADO REGULAMENTARIAMENTE COMO PARAÍSO FISCAL.
- ESTÁ AO DÍA NO PAGAMENTO DAS OBRIGAS POR REINTEGRO DE SUBVENCIÓN.
- NON FOI SANCIONADO MEDIANTE RESOLUCIÓN FIRME COA PERDA DA POSIBILIDADE DE OBTENIR SUBVENCIÓNS SEGUNDO A LEI XERAL DE SUBVENCIÓNS E A LEI DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA OU A LEI XERAL TRIBUTARIA.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de 20

(Sinatura e selo da entidade)



ANEXO IV

SOLICITUDE DE COBRAMENTO

NÚMERO DE EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Don/Dona , con DNI nº
(Apelidos, nome e cargo na empresa beneficiaria)

Actuando en nome e representación da empresa titular do expediente arriba referenciado,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas *de minimis* que se relacionan a seguir:

	ORGANISMO E ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas <i>de minimis</i> dos 3 exercicios anteriores	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que se liquide a empresa titular do expediente, a través da entidade financeira prestamista, a subsidiación correspondente, de acordo co establecido no artigo 5 das bases reguladoras da axuda.

, de de 20

POLA EMPRESA BENEFICIARIA

Asdo.:



ANEXO V

REMISIÓN DE SOLICITUDE DE COBRAMENTO AO IGAPE

PROCEDEMENTO
AXUDAS Á BONIFICACIÓN DE XUROS DE PRÉSTAMOS FORMALIZADOS POR TITULARES DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS GALEGAS AO ABEIRO DA ORDE APA/165/2008 DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL E MARIÑO, INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO COAS ENTIDADES FINANCEIRAS.

ENTIDADE ANO

Don/Dona , con DNI nº

actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, asinante do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras, para a bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao amparo da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño,

EXPÓN:

Que no ano mencionado nesta solicitude tiveron saldo vivo as operacións mencionadas a seguir, procedendo, por tanto, á súa liquidación, ao abeiro do citado convenio de colaboración:

Nif beneficiario	Nome beneficiario	Nº expediente	Período que se vai liquidar		Saldo período	Xuros producidos no período	Aval SAECA	% axuda	Importe que se vai percibir
			data inicio	data fin					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL:									<input type="text"/>

E por isto, SOLICITA

Que lle sexa aboada a esta entidade o importe de euros, ingresándoos na conta bancaria aberta ao seu nome.

, de de 20

(Sinatura do/da representante)



ANEXO VI

Modelo de documento de adhesión ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras, para a bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

Don/Dona [] con DNI nº [], en nome e representación de [], facultado para este acto por [], copia do cal se xunta a este escrito, declarando expresamente a súa vixencia

DECLARA

1. Coñecer os termos e condicións do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras, para a bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.
2. Que ten interese en participar no dito convenio e, por tanto, adherirse aos termos e condicións referidos no punto 1.
3. Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

, de de 20

ANEXO VII

Relación de entidades financeiras colaboradoras

* Caixas:

-Caja de Ahorros de Galicia.

-Caja de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra-Caixanova.

-Caja Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega.

-Caja España de Inversiones, Caja de Ahorros y Monte de Piedad.

-Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona La Caixa.

* Bancos:

-Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.

-Banco de Galicia, S.A.

-Banco Español de Crédito, S.A.

-Banco Gallego, S.A.

-Banco Pastor, S.A.

-Banco Popular Español, S.A.

-Banco de Sabadell, S.A.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 13 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se inicia o procedemento para que determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, solicite o recoñecemento do grao II de desenvolvemento profesional.

De conformidade co acordo de mesa sectorial do 4 de xullo de 2006, sobre carreira profesional do persoal das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, o persoal estatutario fixo con praza en propiedade obtida con ocasión do proceso de consolidación de emprego poderá acceder ao grao II con efectos do 1 de xullo de 2008 sempre que cumpra os requisitos establecidos no propio acordo. Por outra parte, correspóndelle a este centro directivo iniciar mediante resolución o procedemento para o recoñecemento dos sucesivos graos no momento en que proceda consonte a secuencia temporal de implantación do sistema.

Tendo en conta que xa no ano 2007 se tramitou o procedemento para recoñecer o grao II ao amplísimo colectivo de persoal que tiña a condición de fixo antes do proceso de consolidación de emprego (resolución publicada no DOG nº 155, do 11 de agosto), a comisión de seguimento do acordo acordou, en reunión do 20 de marzo de 2007, que resulta oportu-